CONCELLO DE PONTEVEDRA

303 Solicitude de Renda Social Municipal

Persoa interesada

Primeiro apelido:		Segundo apelido:			
Nome ou razón social:			NIF:		
Tipo de vía (rúa, avda...):	Nome da vía:	Número:	Escaleira:	Andar:	Porta:
Código Postal:	Municipio:	Provincia:		Teléfono:	
Correo electrónico (para recibir os avisos das notificacións que emita o Concello de Pontevedra no correo electrónico que indique, deberá solicitalo presentando o formulario 181 ou 183 segundo corresponda).					

Representante*

Primeiro apelido:		Segundo apelido:			
Nome ou razón social:			NIF:		
Tipo de vía (rúa, avda...):	Nome da vía:	Número:	Escaleira:	Andar:	Porta:
Código Postal:	Municipio:	Provincia:		Teléfono:	
Correo electrónico (para recibir os avisos das notificacións que emita o Concello de Pontevedra no correo electrónico que indique, deberá solicitalo presentando o formulario 181 ou 183 segundo corresponda).					

*A representación deberase acreditar por calquera medio válido en dereito.

NOTIFICACIÓNS: As persoas obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración (art. 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas), só recibirán notificacións electrónicas. Para poder recibir os avisos das notificacións que lle emita o Concello de Pontevedra poderán comunicar un correo electrónico a través do procedemento 181 do catálogo de procedementos da sede electrónica http://sede.pontevedra.gal ou premendo (aquí)*.
As persoas físicas recibirán as notificacións, ademais de electronicamente, por correo postal salvo que elixan a notificación electrónica como medio preferente a través do procedemento 183 do catálogo de procedementos da sede electrónica http://sede.pontevedra.gal ou premendo (aquí)*; neste mesmo procedemento poderá indicar o seu desexo de deixar de recibir os avisos.

Datos económicos da persoa solicitante e das persoas da unidade familiar relativos ao ano fiscal en curso

(cubrir só no caso de dispoñer de ingresos ou rendas propias)

Ingresos da persoa solicitante (retribucións, nóminas, rendas ou calquera outro ingreso):

Concepto	Contía mensual	Contía anual	Empresa, persoa ou organismo pagador

Ingresos das persoas integrantes da unidade familiar (retribucións, nóminas, rendas ou calquera outro ingreso):

Apelidos e nome	NIF	Relación co/a solicitante	Concepto	Contía mensual	Contía anual	Empresa, persoa ou organismo pagador

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

Axudas, prestacións ou subvencións solicitadas ou percibidas doutra Administración pública ou entidade pública ou privada pola persoa solicitante ou calquera membro da unidade familiar:

Tipo de prestación/axuda	Organismo que a concede	Importe solicitado	Importe percibido

Bens mobles ou inmobles, activos financeiros, títulos sobre os que a persoa solicitante ou calquera dos membros da unidade familiar posúan un dereito de propiedade, posesión, usufruto ou calquera outro de análoga natureza, con excepción da vivenda habitual destinada ao seu uso.

Titular	Concepto	Valor

A persoa solicitante declara baixo a súa responsabilidade:

- Que cumpre cos requisitos xerais establecidos na Ordenanza para acceder á renda social municipal, especialmente o requisito xeral de idade que determina a **incompatibilidade coa RISGA** (para optar á RISGA hai que ter unha idade comprendida, con carácter xeral, entre os 25 e 65 anos).

- Que durante o ano en curso se solicitaron e/ou percibiron exclusivamente as subvencións ou prestacións indicadas.

- Que non percibe outros ingresos que os declarados nin posúe outros bens ou dereitos distintos dos achegados coa solicitude.

- Que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- Que autoriza a consulta de datos que consten en ficheiros automatizados do Concello de Pontevedra ou de calquera outra Administración pública. No caso do resto das persoas integrantes da unidade familiar achegarase autorización.

- Que non está incursa en ningunha das prohibicións ás que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Que os datos consignados nesta solicitude son certos e non se omite ningún dato que poida ter efectos sobre a contía ou percepción da renda social municipal.

- Que coñece as obrigas establecidas na Ordenanza de Renda Social, especialmente a de comunicar calquera variación que poida producirse na súa situación e que poida ter efectos na renda social municipal.

- Que coñece as posibles responsabilidades derivadas da ocultación, falseamento de datos ou calquera outra actuación dirixida a obter ou conservar de xeito fraudulento a renda social municipal.

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Acompáñase a esta solicitude a seguinte documentación: (riscar cun X)

☐ Copia auténtica do DNI, NIE ou pasaporte de todos os membros da unidade familiar que o posúan.

☐ Copia auténtica do Libro de familia ou documentos acreditativos de acollemento ou tutela.

☐ Copia auténtica da resolución denegatoria da RISGA, ou prestación autonómica que a substitúa, de ser o caso.

☐ A acreditación dos ingresos de todas as persoas integrantes da unidade familiar, incluíndo retribucións, rendas, prestacións, axudas, subsidios ou calquera outro ingreso.

☐ Certificado de titularidade de conta bancaria na que deba efectuarse o ingreso, de ser o caso.

☐ No caso de ser vítima de violencia de xénero, a acreditación da súa condición nos termos sinalados polo artigo 5 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

☐ No caso das persoas refuxiadas, a acreditación de ter recoñecida tal condición polo organismo competente da Administración xeral do estado, ou no caso de non dispoñer deste recoñecemento, a autorización de permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social.

☐ En caso de separación, divorcio, nulidade matrimonial ou cancelación da unión de feito:

- ☐ Unha copia da sentenza, convenio regulador ou, no caso de ruptura da unión de feito, o certificado do rexistro correspondente acreditativo da cancelación da inscrición da unión.
- ☐ Os xustificantes das achegas económicas establecidas na sentenza e convenio regulador ou, na súa falta, denuncia por incumprimento de sentenza ou demanda de execución.

☐ O certificado de discapacidade no caso de que a persoa solicitante ou calquera das persoas integrantes da unidade de convivencia teñan recoñecida a condición de persoa con discapacidade.

☐ No caso de persoas menores de 18 anos orfos de pai e nai sen dereito a prestación, os documentos acreditativos desta situación.

☐ No caso de residir en vivenda propia con préstamo hipotecario, achegarase a copia do documento soporte do préstamo hipotecario (escritura notarial ou documento bancario) e o xustificante da última cota do préstamo hipotecario, de ser o caso.

☐ O extracto de movementos de todas as contas bancarias de todas as persoas que integran a unidade familiar correspondente aos doce meses inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

☐ En caso de residir nunha vivenda alugada, unha copia do contrato de arrendamento en vigor, que non poderá ser de duración inferior a 6 meses, e o último recibo do alugueiro, de ser o caso.

☐ En caso de residir nun establecemento hostaleiro, pensión ou casa particular en réxime de pensión, a copia cotexada da factura correspondente.

☐ No caso de padecer enfermidade, informe médico emitido polo sistema público de saúde que acredite tal circunstancia.

☐ Autorización para a consulta de datos obrantes dos restantes membros da unidade familiar nas bases de datos doutras Administracións que resulten precisos para a tramitación da renda social municipal.

OUTRA DOCUMENTACIÓN:

_____

_____

_____

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

CONCELLO DE PONTEVEDRA

SOLICITA o outorgamento da Renda Social Municipal ao amparo do establecido na Ordenanza municipal reguladora da Renda Social Municipal publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 2 de abril de 2019 (BOPPO nº 64)

De conformidade co art. 28.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, esta Administración poderá consultar ou recadar os datos ou documentos necesarios para a tramitación da súa solicitude, salvo que manifeste a súa oposición a esta consulta no seguinte recadro, suposto no que deberá achegar dita documentación:

☐ Non autorizo ao acceso

Pontevedra, _____
Sinatura da persoa interesada e ou do seu representante (só no caso de solicitude presencial)

Información básica sobre Protección de Datos	
Responsable	CONCELLO DE PONTEVEDRA
Finalidade	Atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Pontevedra
Lexitimación	Interese público ou exercicio de poderes públicos
Destinatarios	Non están previstas transferencias internacionais de datos
Dereitos	Acceso, rectificación, limitación do tratamento, supresión, portabilidade e oposición/revogación e a presentar reclamación ante as autoridades de control, así como outros dereitos, como se explica na información adicional.
Información adicional	Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de datos en http://sede.pontevedra.gal

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade do CONCELLO DE PONTEVEDRA con CIF P3603800H e domicilio social sito en RÚA MICHELENA 30, 36002 Pontevedra, coa finalidade de atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Pontevedra. En cumprimento da normativa vixente, o CONCELLO DE PONTEVEDRA, informa que os datos serán conservados durante o período legalmente establecido. Así mesmo, informámoslle que a lexitimación do tratamento dos seus datos é en base ao interese público ou no exercicio de poderes públicos.

Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados en caso de ser necesario a: administracións públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado.

A súa vez, informamos que pode contactar co Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE PONTEVEDRA, dirixíndose por escrito á dirección de correo dto.cliente@conversia.es ou ao teléfono 902877192.

De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como o do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ao correo electrónico sede@pontevedra.eu. Poderá dirixirse á Autoridade de Control competente para presentar a reclamación que considere oportuna.

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA

CONCELLO DE PONTEVEDRA

Anexo I
Autorización para a consulta de datos

As persoas abaixo asinantes AUTORIZAN ao Concello de Pontevedra a consultar os datos obrantes en ficheiros automatizados de calquera Administración Pública que resulten necesarios para o recoñecemento, mantemento, seguimento e control da prestación Renda social municipal

A) Persoa solicitante

Nome e apelidos	NIF	Sinatura

B) Outros membros da unidade familiar da persoa solicitante

Apelidos e nome	NIF	Parentesco coa persoa solicitante	Sinatura

A autorización concedida por cada persoa asinante pode ser revogada en calquera momento mediante escrito dirixido ao organismo solicitante.

Pontevedra, _____

AO SR. ALCALDE DO CONCELLO DE PONTEVEDRA